



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE SETEMBRO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:

D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
D^a. MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
D^a: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e un de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (20/07/2016 e 29/08/2016).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria do día vinte de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

Así mesmo dáse conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e nove de agosto do ano que andamos, que queda pendente de aprobación.

2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2015.

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2015, que consta das seguintes partes, segundo o disposto no artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Orde de Economía e Facenda 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local:

A.- BALANCE DE SITUACIÓN



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	PASIVO
14.211.915,84	14.211.915,84

B.- CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS DE XESTIÓN DO ANO 2015	3.298.397,71
GASTOS DE XESTIÓN DO ANO 2015	3.176.247,20
RESULTADO TOTAL DE XESTIÓN (AFORRO)	122.150,51
RESULTADO DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS	- 27.485,41
RESULTADO NETO DO EXERCICIO (AFORRO)	94.665,10

C.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2015	4.201.253,56
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2015	- 4.270.501,71
DIFERENZA: RESULTADO DO EXERCICIO	- 69.298,15
GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO NEGATIVAS	17.952,00
DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO POSITIVAS	0,00
RESULTADO AXUSTADO (SUPERAVIT)	- 51.296,15

Quedando ao final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	256.484,34
ACREEDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	152.262,50

D- ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	110.910,27
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO	0,00

E.- COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo

F.- ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
FORMALIZACION	0,00	7.484,68	7.484,68	0,00
CAIXA	670,80	39.252,29	39.609,70	313,39
BANCOS	58.755,42	7.470.674,50	7.517.649,39	11.780,53
TOTAL	59.426,22	7.517.411,47	7.564.743,77	12.093,92

G.- ESTADO DA DÉBEDA

Capitais:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	A 01/01/2015	CREACIÓN	AMORTIZACIÓN	A 31/12/2015
CON ENT. DE CREDITO	556.944,56	241.757,99	444.481,40	354.221,15
OPER. TESOURERIA	280.421,85	353.241,80	367.000,00	266.663,65
CON AA. PUBLICAS	246.054,85	168.081,28	11.617,80	402.518,33

Xuros:

	A 01/01/2015	RETRIBUÍDO	VENCIDO	A 31/12/2015
CON ENT. DE CREDITO	0,00	6.788,88	6.788,88	0,00
OPER. TESOURERIA	0,00	2.326,86	2.326,86	0,00
CON AA. PUBLICAS	0,00	0,00	0,00	0,00

H.- REMANENTE DE TESOURERÍA

+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2015	12.093,92
+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2015 (NETOS)	383.229,45
- ACREEDORES PTES. PAGO A 31/12/2015 (NETOS)	494.801,62
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	- 99.478,25
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	- 80.278,81
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	0,00
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	- 179.757,06

Así mesmo, achéganse os seguintes anexos:

- Memoria da Conta Xeral.
- Investimentos destinados ao uso xeral.
- Inmobilizacións materiais e inmateriais.
- Endebemento.
- Operacións non orzamentarias.
- Balance de comprobación.
- Estado de modificación de Créditos.
- Estado de gastos con financiamento afectada.
- Estado de situación e Movemento de valores.
- Relación Nominal de debedores e acredores.

Dáse conta así mesmo do informe favorable da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas e da súa exposición ao público, sen que se presentase reclamación algunha.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE anuncia que o seu grupo vai votar a favor, porque o documento reflicte o estado de contas do Concello, con todo pregunta o motivo polo que no documento da conta xeral só figuran os indicadores do servizo de recollida de lixo, e non os dos demais servizos que son deficitarios, coma o saneamento, cultural, deportes, ...etc, e tamén a que é debido o incremento dos ingresos con respecto aos orzamentos, que eran de 3.859.000 euros, e agora figuran recoñecidos uns ingresos netos de 4.359.000 euros, que por outra banda aínda así o ano rematou cun déficit de 60.000 euros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Presidencia contéstalle que a conta xeral é un documento técnico, e que descoñece os motivos polos que non figuran eses indicadores, que non obstante preguntarlle ao técnico e contestará no vindeiro pleno, e con respecto ao incremento dos ingresos, sinala que foi debido a convenios para investimentos, de aí tamén ese déficit de 50.000 euros, posto que cando se asina un convenio para levar a cabo un investimento case sempre existe unha achega municipal.

A citada concelleira pregúntalle se non ten nada que ver a taxa pola revisión catastral, contestándolle que basicamente foi debido á sinatura deses convenios para levar a cabo obras de investimentos.

O Sr. Castro do BNG-AA sinala que está un pouco abraiado pola facilidade do Sr. Alcalde para pasar por encima deste asunto, que debe ser a terceira vez que se fala no pleno do resultado da execución do orzamento de 2015, escusándose sempre en que é un documento só técnico, como se non tivese nada que ver coa súa xestión económica municipal, e efectivamente si é un documento técnico pero recolle a súa xestión política durante ese ano.

Di tamén que aprobaron, cos seus votos, un orzamento que prevía un resultado de superávit de 82.000 euros, e por contra líquídase cun déficit de case 70.000 euros, orzamento que pola súa parte vendeu e espallou por aí polos medios e fixo unha campaña de “autobombo” de bo xestor, e sen embargo, visto o resultado, non viu ningunha nota de prensa nin outra información ao respecto. Ao seu entender ese resultado, nun ano electoral, é debido á execución de obras non previstas no orzamento, e posiblemente tamén esas subvencións nominativas tiveron un motivo electoral, que por outra banda, non significaron investimentos en partidas que puidesen resolver algún dos problemas capitais do concello, dando coma dato os 3.700 euros investidos en transporte público, cando, por exemplo, os investimentos en cemiterios e servizos fúnebres ascenderon a 25.000 euros (sete veces máis), que é significativo de cal é a súa política.

Ademais expón que co resultado negativo do remanente líquido de tesourería de 180.000 euros, se incumpre o criterio de estabilidade orzamentaria, e ademais teñen a sospeita fundada de que nas contas se inclúen gastos e investimentos en bens de titularidade privada ou sobre dos que o concello non tería dereito algún, e non se refire a gastos impropios nas instalacións educativas e servizos sociais ou asistencias, preguntando se o Sr. Secretario pode disipar nestes momentos esa dúbida, que de non ser así o seu voto será en contra.

O Sr. Secretario di que non ten coñecemento ningún desas irregularidades.

A Presidencia contéstalle que o déficit foi de 51.296,15 euros e que non está contento con ese resultado, pero en cinco anos de goberno é a primeira vez que hai un resultado negativo, debido ademais a investimentos levados a cabo. En canto ao transporte público que terán un debate serio no pleno, que no ano 2018 se aprobará o novo mapa de transporte de Galicia, e que o equipo de goberno xa está a traballar na proposta, e que dende logo esa cifra que figura corresponde ao gasto do transporte metropolitano que nos corresponde, que por sorte o 80% financia a Xunta de Galicia e o concello só ten que achegar o 20% restante.

Con respecto ao remanente líquido de tesourería sinala que para nada lles gusta esa cifra, pero que cando entraron no concello era bastante superior, e deses 179.000 euros, 80.000 corresponden á débeda do BBVA, que por certo xa está no contencioso.



Di tamén que a súa intención é rematar os préstamos bancarios neste ano en 111.000 euros, cando a primeiros de ano ascendían a 304.000 euros, e por último sobre da pregunta formulada ao Sr. Secretario, pídelle que concrete máis a mesma, posto ao mellor que ao mellor puideron cometer un erro, aínda que entende que todos os gastos están perfectamente xustificadas.

Para rematar indica que efectivamente é un documento técnico, feito por técnicos, polo que solicita o voto a favor, ou cando menos a abstención dos grupos.

O Sr. Castro dille a Presidencia que pode maquillar os datos, que o resultado foi de 50.000 euros porque se cobrou unha subvención pendente do ano anterior, e que do remanente líquido de tesourería 80.000 euros correspóndense coa débeda do BBVA, froito da súa xestión, e en canto aos préstamos o que fixo foi ir pagando as cotas coma as familias, e maquillar novamente os datos, posto que o que fixo foi cambiar de prestamista, xa que 170.000 euros agora débenselle á Deputación.

Con respecto ao transporte xa dixo nunha ocasión que se trataba dun mal endémico, polo que non se pode esperar nada, pero descoñece o seu parecer sobre dun goberno que sen ter cemiterio público nin instalacións funerarias, gasta sete veces máis nisto que no transporte público.

A Presidencia di que é demagórico comparar estas dúas cifras , e que en canto ao transporte xa anunciou as liñas de actuación.

O Sr. Pose do BNG-AA dille á Presidencia que non tivo cinco anos de superávit, senón dous, un deles medio ficticio. En canto ao transporte público di que levan cinco anos dándolle voltas a unha reunión que se vai celebrar pero que nunca acontece, ao igual que co PXOM, e que dende logo só faltaba que non puidesen replicar, ademais de que eles non cobran por ser Alcalde, polo que non lles pode pedir que lle fagan o traballo.

A Presidencia di que lle vai aplicar a frase tantas veces sinalada polo BNG- AA “Que o ignore non significa que o descoñeza”, posto que son sabedores da problemática que existe nas concesións do transporte público, e que o novo plan de transporte para Galicia vaise a aprobar a partires do ano 2018, e que efectivamente existen concellos, coma Teo, que formularon un servizo interno a sufragar integramente polo concello cun déficit de 80.000 euros anuais, e o que hai que ver é se en Vedra se pode poñer con esas cifras.

En canto ao PXOM dille que chegaran ás vindeiras eleccións coa súa reforma moi avanzada.

Posta a votación a citada proposta, o Pleno con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA, acorda aprobar a mesma.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Ás preguntas formuladas no pleno do mes de xullo, a Presidencia contesta:

--Ás formuladas por dona M^a. Beatriz Amenal do PSdG-PSOE:

1.- Sobre da empresa Servital Servicios Sociosanitarios, S.L, que a empresa xa está a traballar, e que tivo unha reunión coa representante das traballadoras na que se quedou



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



en esperar a ver como quedaba todo, e aínda que espera que non faga falta a súa intervención posterior, lle transmitiu que apoiaría os dereitos das traballadoras.

A citada concelleira di que a súa pregunta era se se asinara o contrato, que foi en xullo, preguntándolle agora se sabe cales foron as consecuencias que tivo esa falta de comunicación. Sinalando que coma sempre pagando a súa nefasta xestión os máis débiles, neste caso, as traballadoras que se quedaron sen as súas vacacións, e se a empresa Clece, S.A soubese o día que remataba o contrato tiña que comunicarlle ás traballadoras que collesen os días de vacacións que lle correspondían, e que lle gustaría saber se isto é legal ou non.

Di que se trata dun servizo moi mal pagado, regulado polo Convenio da Xunta de Galicia, que está conxelado dende o ano 2011, polo que non teñen xente para traballar a pesares do paro que existe.

A presidencia di que está a responsabilizar ao concello de algo que non é da súa responsabilidade, pero en calquera caso tivo a entrevista coa representante das traballadoras na que se falou de todo e da problemática, quen podía ser responsable ,....etc, que non vai a reproducir aquí, pero dende logo cre que o concello é o que menos responsabilidade ten.

Dona Beatriz Amenal di que cre que non pode dicir que non ten responsabilidade, posto que sabe que existiron problemas entre as dúas empresas, pero certo é que tardaron en sacar o novo contrato, e non pode dicir que non ten responsabilidade.

2.- En canto ao IBI, di que xa se colgou a modificación da ordenanza no facebook e na web, que será aplicable para o ano 2017.

3.- Á pregunta sobre dos voluntarios de PC, cédelle a palabra ao Tenente de Alcalde, don Enrique Vázquez, que expón que hai que partir da base de que aos voluntarios de PC non se lles pode pagar, en tal caso pódese conceder unha gratificación para cubrir os gastos de axudas de custo e desprazamentos, polo que é unha cantidade pequena. Di que existe unha problemática á hora de atopar voluntarios para cubrir os servizos demandados polas comisións de festas, debido sobre todo aos horarios e polas condicións do servizo, que requiren dunha responsabilidade que moitos deles non están dispostos a asumir, todo o contrario ao que acontece para cubrir outros servizos relacionados con probas deportivas, carreiras, ..etc que sempre é moito máis fácil atopar voluntarios dispostos a colaborar. En calquera caso sinala que o concello dispón dun único membro de PC do que botan man, e esta problemática é a que lle trasladaron ás distintas comisións de festas durante o verán, que entenderon perfectamente ata o momento, e polo tanto se as comisións demandan un servizo sempre vai estar dispoñible unha persoa e os medios dos que dispón o concello (bull, vallas,etc) a partir de aí dende a Agrupación de Voluntarios tratarán de buscar voluntarios dispoñibles para cubrir o servizo.

Ademais sinala que por outra parte tamén consideran que son as comisións de festas as que deban asumir estes pequenos gastos, co cal se pon en valor o servizo e se evita que determinadas comisións que non necesitan do servizo o soliciten, e as que o necesiten manexan orzamentos altos e non lles supón ningún problema facerse cargo destes pequenos gastos.

A citada concelleira di que concluíndo a resposta é si, e en canto a que as comisións de festas están de acordo non é o que escoitou ela aquí a unha en concreto.

--Á pregunta sobre do Miradoiro de Sales, tamén formulada polo Sr. Pose do BNG-AA, a Presidencia di que no catastro figura a nome da entidade Invergal Marvil, e no Rexistro da Propiedade a nome de Invergal Particiones Inmobiliarias.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



En canto á súa limpeza e acondicionamento sinala que xa é a 5ª multa que se lle impón, que a caducidade da licenza está declarada dende marzo de 2014, que se lle notificou ás partes e comunicóuselle á APLU o requirimento da demolición das vivendas, contestando que non era da súa competencia ao estar situada en solo urbano, e agora está dada a orde de iniciar o expediente de demolición. Tamén di que a urbanización está suxeita ao pagamento do IBI, que non pagaron, ascendendo a débeda a máis de 13.000 euros, que está a Deputación intentando cobrar mediante o embargo de bens.

--Ás preguntas do Sr. Castro do BNG-AA, a Presidencia contéstalle:

1º.- Á pregunta sobre se Adif paga IBI, di que si sobre 645 euros/anuais.
2º.- Sobre da consulta do Programa ou Plan de Defensa e loita contra dos incendios forestais do concello de Vedra, pregúntalle se falou con alguén no concello, replicándolle o Sr. Castro que falou o Sr. Vázquez con el, do que deduciu que non existe o citado plan, aínda que non sabe se entendeu mal, cando a Lei de incendios data do ano 2007 e estamos no 2016.

--Ás preguntas do Sr. Pose do BNG-AA, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre das adxudicacións de obras á empresa Martínez Montes e Hijos, S.L, di que nas adxudicacións das obras, se preparan unhas bases, neste caso de negociado, pero publicándose na web municipal; existe Mesa de Contratación, informes técnicos das valoracións, un proceso totalmente transparente que se pode consultar, mesmo é habitual que asista á apertura das plicas algún licitador ou un representante da Federación Galega da Construción.

Con respecto ao exercicio 2015, por poñer algún exemplo, na obra incluída no Programa do Agader, Acondicionamento de camiños en San Xián, Illobre e outros, presentáronse seis empresas; na obra do PAI 2015: Aglomerado Tramo Urbano de Ponte Ulla, tamén seis empresas, e na incluída no convenio coa Deputación, de Ampliación da rede de abastecemento en Nande, Torre, Matelo e outras, presentáronse 15 empresas, polo tanto se se lle adxudicaron a ela será por méritos, e en calquera caso poden consultar os expedientes para que non exista ningunha sombra de dúbida sobre esta cuestión.

--En canto ás preguntas formuladas no pleno do mes de agosto, á Presidencia contesta:

1º.- Á pregunta de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre do servizo de recollida de voluminosos, cédella a palabra a don Enrique Vázquez, quen contesta que ten que dicir todo o contrario, que funciona razoablemente ben e non existe case ningunha queixa.

Expón que se trata dun servizo de recollida de voluminosos, e na pregunta fala de pneumáticos, que non o son, e polo tanto a empresa non pode recollelos e facerse cargo dos custos que supón o seu tratamento, que ascenden a unha cantidade entre 3-5 euros/pneumático; pero ademais, a día de hoxe ninguén ten que ter pneumáticos na casa posto que ten que facerse cargo deles é o taller e xestionar a súa reciclaxe cun xestor autorizado, ao que lle paga por facelo, e de telos, sobre todo aquelas persoas que teñen silos nas casas, a súa obriga é levalos ao punto limpo ao igual que levamos o lixo ao colector verde, amarelo, vidro ou cartón, e só un determinado número de unidades



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



establecidas no regulamento do punto limpo, posto que o seu tratamento supón un elevado custo que tería que asumir o concello, e de feito está a facelo.

Indica tamén que a diferenza entre o servizo que se prestaba antes e o de agora, é que antes recollíase cando cadraba o responsable de PC, sen calendario nin horarios, e agora recóllense dúas veces ao mes, o 1º e o 3º venres, en horario de mañá, ou pola tarde con aviso previo, e lévanse directamente ás instalacións da empresa Coregal, polo tanto non pasan polo punto limpo, aforrando unha cantidade de diñeiro importante.

2º.- Ás preguntas formuladas polos distintos grupos municipais sobre da convocatoria da praza de turismo, a Presidencia di que todas as cuestións van ser contestadas polo Sr. Secretario, só quere matizar a pregunta do Sr. Pose sobre da súa publicidade, posto que se colgaron anuncios nos taboleiros das parroquias, no taboleiro de anuncios da casa do Concello e na páxina web municipal, non así no Boletín Municipal por cuestión de tempo, e que se presentaron nove candidatos de concellos distintos, como A Coruña, Negreira, Teo, Santiago, Ames e Vedra.

Toma a palabra o Sr. Secretario para contestar ás distintas formuladas polos grupos da oposición, sobre da convocatoria e probas selectivas para a contratación dun técnico/a - axente de turismo financiado pola Deputación Provincial.

Sinala que hai que distinguir entre prazas de funcionarios e persoal laboral fixo e de persoal ou contratacións laborais, que non levan os mesmos trámites. Así no primeiro caso os trámites están perfectamente marcados cos seus prazos, procedendo de seguido á lectura do artigo 21.g da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, que establece que o Alcalde é o Presidente da Corporación e ostenta, entre outras, as seguintes atribucións: “Aprobar la oferta de empleo público de acuerdo con el Presupuesto y la plantilla aprobados por el Pleno, aprobar las bases de las pruebas de selección del personal y para los concursos de provisión de puestos de trabajo y distribuir las retribuciones complementarias que no sean fijas y periódicas”, co cal a competencia é sempre do Alcalde.

En canto á pregunta do BNG sobre figurar na acta un experto que neses momentos estaba de vacacións en Portugal, di que tamén el e os dous técnicos estaban de vacacións, e que descoñece se estaba ou non en Portugal, pero que realmente o experto que se designou non podía formar parte da Mesa ao non ser persoal laboral fixo, pero como a praza a cubrir era para o departamento incluíuse como experto ou asesor no caso de que nalgún momento tivese que facer algunha aclaración con respecto ao tema, polo tanto que estivese presente ou non é indiferente, posto que se trata dunha cuestión de consulta, e non formar parte da Mesa.

Di ademais que normalmente as Mesas daquelas prazas que sexan un pouco especializadas vén persoal externo ao concello, para que por un lado non estea formada só por persoal municipal e por outra banda, o persoal do concello en moitos casos prefere non formar parte delas, e ese persoal que forma parte delas vén facendo un favor.

Neste caso concreto formaban parte da Mesa o técnico de turismo do concello de Padrón e o axente de emprego do concello de Ames, e a praza tiña que estar cuberta antes do 31 de agosto, polas condicións da subvención.

3º.- Á pregunta sobre de quen decidirá no caso de baixar dos 5000 habitantes entre o Secretario e o Tesoureiro, o Sr. Secretario expón:



Actualmente a función de Tesourería do Concello de Vedra está sendo desempeñada polo Técnico de Xestión, posto de funcionario.

O Real Decreto-lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, modifica o artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, de xeito que as funcións de tesourería se atribúen á Subescala de Secretaría -Intervención

Xa na introdución, este Real Decreto-lei di literalmente “ En relación ao réxime de funcionarios de administrador local con habilitación de carácter nacional para as funcións de tesourería, urxe aprobar unha reforma lexislativa que permita atribuír o exercicio destas funcións á subescala de secretaria-intervención, na liña de profesionalización destas funcións introducida pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local”.

A atribución desta nova competencia á subescla de Secretaría-Intervención realízase no artigo 3, línea b).

A primeira alternativa da que dispón unha Entidade Local para o desenvolvemento da función de tesourería por un Habilitado Nacional da subescala Secretaría -Intervención, consiste na prestación do servizo dende a Deputación Provincial; toda vez que a Deputación da Coruña informou que non asume esta función, unha posibilidade é a asunción deste función polo Habilitado Nacional Secretario-Interventor do propio concello.

E isto non ten nada que ver con que o Concello teña ou non 5000 habitantes.

Intervén o Sr. Pose para facer dúas aclaracións con respecto á contestación do Sr. Secretario sobre da convocatoria para cubrir unha praza de técnico/a-axente de turismo:

1.- Procede á lectura da acta da Mesa de Selección desa praza, que di “Asisten e como experto D. Iván García García...”, é dicir, asisten.

2.- Consultou con outro Secretario de concello e informoulle que o Alcalde pode delegar nos Tenentes de Alcalde e na Xunta de Goberno; e nas do Pleno figura que pode recibir competencias pero non di explicitamente que sexan do Alcalde.

O que lle informou ese secretario ao que consultou é que sería factible que se deleguen no Pleno sempre e cando exista esa vontade, dicindo que se trata dunha cuestión de valentía.

O Sr. Secretario contéstalle que efectivamente non di nada irregular, que é o que establece a lei, e se o Sr. Alcalde quere delegar nun concelleiro da oposición a aprobación das bases pódeo facer, pero isto é unha posibilidade, que el respondeu sobre de quen é a competencia, e esta é orixinariamente é do Sr. Alcalde.

O Sr. Pose di que a vontade do Sr. Alcalde xa a manifestou no ano 2008 cando lle pediu ao Sr. Cobas, alcalde entón, que trouxese as bases ao pleno, e el o que pedía no informe era o apoio técnico do Sr. Secretario, que non tivo. Sinala que se trata dunha actitude política e non pode enganalo, solicitándolle que cumpra a intención política manifestada no ano 2008, traendo as bases ao pleno para a súa consulta e logo que as aprobe, non está a pedir a delegación no pleno da súa aprobación.

O Sr. Secretario expón que esa moción que se aprobou en pleno no ano 2008 non é aplicable, habería que ir a un proceso lesivo para anulala, e como iso é bastante



complexo, a solución práctica, como ten pasado con outros acordos, foi deixala aí, pero que non se pode aplicar, replicándolle o Sr. Pose que si se pode aplicar, só ten que o actual Alcalde, non o daquela, delegar.

Intervén a Presidencia e afirma que os políticos non fan as bases, senón os técnicos e funcionarios correspondentes, nin están nas Mesas de Selección do persoal, e que incluso moitas veces, polas propias subvencións e os seus condicionantes sobre todo sociais, como pasa nas da Deputación para as brigadas de obras e verde, apenas hai candidatos que reúnan os requisitos esixidos. Malia o anterior, comprométese a convocar no mes de outubro, unha Xunta de Voceiros para falar deste tema, para que os distintos grupos fagan as súas achegas para que non exista ningunha sombra de dúbida, que logo lle pasarán aos técnicos nesta materia para que o que se faga sexa acorde á lei e non prexudique ás subvencións nin para solicitálas nin para poder xustificalas.

4º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula as seguintes preguntas:

1º.- Logo de aprobada definitivamente a modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do IBI, e publicada no BOP, os veciños afectados teñen que solicitar eses beneficios, e aprobalos en pleno antes do 31 de decembro, e dado que ao seu entender houbo un certo retraso na súa publicación, como se vai artellar este tema, solicitando á máxima axilidade.

2º.- Con respecto á contestación sobre da convocatoria da praza de técnico/a-axente de turismo, di que estaría encantada de poder participar na elaboración das bases de selección, porque o seu grupo de feito solicitou a anulación do proceso, e que o que se aprobou aquí no pleno no ano 2008, que di o Sr. Secretario que non se pode aplicar, gustaríalle ver ese informe ao respecto, parecéndolles ben que convoque a Xunta de Voceiros para ser sabedores das distintas subvencións que existen, as súas bases de selección e poder opinar ao respecto e incluso impugnalas, dado que nesa en concreto de turismo non está de acordo nalgúns extremos das mesmas, como por exemplo, a un aspirante con titulación de técnico de turismo non lle valorar idiomas, cando forman parte das materias desa titulación.

3º.- Non existiu ningunha Xunta de Goberno dende o 26 de xullo?

A Presidencia di que si que se celebrou unha no mes de agosto, pero con motivo das vacacións do persoal non lla fixeron chegar.

4º.- En canto á contestación do Sr. Vázquez sobre da recollida de voluminosos, quere matizar que nunca dixo que o servizo fose malo, senón que empeorara, dado que antes se recollía todo e incluso existía unha maior flexibilidade para fixar o día de recollida, non só os dous venres do mes establecidos agora, incluso pode que moitos veciños descoñezan a existencia deste servizo, pois en Quintáns hai ao carón do colector unha televisión tirada, polo tanto gustaríalle que lle desen unha solución a este problema. Informa tamén que en Quintáns tamén existe un colector amarelo cheo de vidro, que solución se lle vai dar?

-- Don Ramón Lago do PSdG-PSOE quere aclarar o acontecido no pleno anterior cando se retirou da sesión, expoñendo que dende o seu punto de vista é que se incorreu nunha falta de legalidade dado que non se seguiron as canles legais para incluír un novo punto



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



na orde do día da sesión, posto que non poden os voceiros acordar pola mañá incluír ese punto de rogos e preguntas e non votar a súa urxencia, ou ben convocar, como xa se ten feito, unha sesión extraordinaria-urxente a continuación da ordinaria.

Sinala tamén que a el lle é difícil conciliar a súa vida profesional e a do concello coa familiar, solicitando que a próxima vez se fagan as cosas cun pouco máis de antelación, e isto vai dirixido aos tres grupos, e dado que el abandonou a sesión solicita que non se lle indemnice a mesma.

De seguido formula as seguintes preguntas:

1º.- Que sucedeu co disco duro do rexistro municipal?

2º.- Na casa da terceira idade hai moito tempo que están sen cafeteira, está solucionado o tema?

3º.- En teoría nos meses de verán íanse levar a cabo obras no punto limpo. Cando van comezar? Posto que estivo nas súas instalacións e está todo igual, e máis, dado o estado no que está considera que estaría ben pensar en dotar ao mesmo de máis persoal.

4º.- Roga de novo que se colguen os plenos en youtube posto que lle daría ao concello máis transparencia e publicidade, ademais de que lles permitiría acceder a eles aos veciños que non poden facer a través do streaming.

Neste intre abandona a sesión dona María del Pilar Pereiro Rey.

--O Sr. Pose do BNG-AA formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Hai 5 anos un grupo de nenos/as do concello presentaron no rexistro unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde para que puxese á súa disposición unha rampla para practicar “skateboarding” ou “monopatinaxe” e que incluíse un profesor nesta materia dentro das actividades municipais . Parte deses nenos/as pedíronlle que lle recordase ao Sr. Alcalde o compromiso que adquiriu el con eles daquela.

2º.- Sobre do arquivo histórico municipal, como van as obras?

Dado que existe unha partida de cartos para comezar coas obras do mesmo solicita que lle fagan un comunicado ás asociacións, comisións de festas e partidos políticos para que vaian depositando todas as publicacións que veñen facendo no concello, e que se comece a construír as bases do arquivo histórico municipal, ademais de facer un labor pedagóxico solicitándolles ás comisións de festas, e a quen consideren oportuno, que os rexistros históricos queden baixo custodia municipal, posto que forman parte da nosa historia e para iso se constrúe un arquivo histórico municipal, anunciando a disposición do BNG-AA a poñer a disposición do concello a documentación cando llo soliciten.

3º.- En canto á comunicación de Vedra con Santiago, di que Santiago iniciou un plan de reorganización do transporte metropolitano, tendo a sorte de que existe unha liña que terá unha densidade teórica que flutúa sobre os quince minutos que vai a comunicar a Susana co Polígono do Tambre, facendo paradas no centro de Santiago. Ao seu grupo parécelle ben e entende que van chamalos para unha reunión que levan citándonos tantos anos, solicitando que se poñan a organizar e planificar , permitíndolle aos veciños/as beneficiarse desas posibilidades.

A Presidencia contéstalle que tivo varias entrevistas na Xunta de Galicia para pedir se podíamos planificar unha modificación das liñas actuais para gañar en rapidez e servizos, utilizando algunhas desas liñas que non teñen como destino Santiago



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



propriadamente, senón que conectase con algunha das urbanas propias de Santiago, como pode ser a da Susana. Estanse a recoller datos e estudando como se pode formular esa idea, que sería moi bo tela xa no ano 2017 de cara a ese novo plan de transporte para toda Galicia do ano 2018.

4º.- Pregunta se realmente ás comisións de festas lles pareceu ben ter que asumir elas os custes do servizo de Protección Civil, e solicita coñecer cales dixeron estar e acordo con esta medida.

5º.- En canto á contestación sobre das obras adxudicadas a Martínez Montes e Hijos, S.L, di que o que lle preguntou era se non lle parecía chocante a cantidade de obras adxudicadas a esa empresa, e tendo en conta a cantidade de recursos que se consumen que non exista un informe sobre do control da calidade das obras por parte dun técnico habilitado que poida garantir que cando unha empresa di que está a colocar 5 cm. de aglomerado, efectivamente é así. Non lle sorprende que con ese nivel de recursos non exista un control dende o concello para revisar as obras.

A Presidencia di que por poñer un exemplo, e a risco de equivocarse, na obra do Aglomerado de Ponte Ulla, do PAI, incluso se fixeron catas, e que na actualidade se están a adxudicar os controis de calidade a empresas especializadas.

O Sr. Pose preguntalle quen é a persoa responsable, contestándolle a Presidencia que os técnicos do departamento de urbanismo, polo que o citado concelleiro solicita que se faga un arquivo e asignen unha persoa que permita facer un control de calidade sobre das obras de aglomerado que se están a levar a cabo.

--O Sr. Castro do BNG-AA reitera os pedimentos de documentación do pleno anterior:

1º.- En canto á moción presentada polo seu grupo e aprobada co seu apoio, na que se solicitaba a revisión catastral, é dicir, unha actualización dos valores á depreciación do mercado inmobiliario na actualidade, e a supresión da entrada en vigor da regularización que se practicou, entendemos, con valores inadecuados. Aprobouse o 30 de maio e hai dous meses que se solicitou a copia desa tramitación.

2º.- Na mesma situación está a instancia ao Ministerio de Facenda para que se inclúan na Lei de facendas locais as bonificacións que se detallan naquela moción, que se aprobou co seu apoio.

3º.- Polo que respecta ao plan de defensa e loita contra dos incendios forestais, xa lle quedou claro que non existe nada ao respecto.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta minutos.